

2º EXERCICIO: PARTE ESPECIFICA

INSTRUCCIÓNS:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. -Esta proba ten carácter eliminatorio. Este exercicio consta de dúas partes diferenciadas: un primeiro cuestionario con 50 preguntas teóricas tipo test con 5 de reserva (E51 á E55), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Específico Parte teórica**" entre os números E1 e E55 e un segundo cuestionario de 50 supostos prácticos tipo test con 5 de reserva (E106 á E110), que deberán ser contestados a continuación do recadro "**Específico Parte práctica**" entre os números E56 e E110 da "FOLLA DE RESPOSTAS"
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
9. - Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Seguindo a terminoloxía da Comisión da OMS sobre Determinantes Sociais da Saúde (2008), os determinantes sociais da saúde intermedios agrúpanse nos seguintes apartados:

- A) Condicións materiais da vida. Contexto psicosocial. Cohesión social. Estilos de vida.
- B) Condicións materiais da vida. Contexto psicosocial. Cohesión social. Estilos de vida. Sistema sanitario.
- C) Condicións materiais da vida. Contexto psicosocial. Cohesión social. Estilos de vida. Factores biolóxicos. Sistema sanitario.
- D) Ningunha é correcta.

2. Un consumo de alcohol de 20 UBEs/semana en homes e de 15 UBEs/semana en mulleres considérase:

- A) Consumo de baixo risco.
- B) Consumo obxectivo.
- C) Consumo perigoso.
- D) Consumo de risco.

3. A responsabilidade de determinar se se está a producir unha situación de malos tratos corresponde a:

- A) Ao Servizo de Menores.
- B) Nos casos en que se cometese un delito, á instancia xudicial.
- C) En ningún caso a outros profesionais ou servizos.
- D) Todas son correctas.

4. As finalidades da mediación familiar, recollidas na Lei 3/2011 do 30 de xuño son:

- A) A búsqueda común de solucións satisfactorias e duradeiras no tempo. Minimizar o custo emocional que todo conflito produce en todos os membros da familia. Evitar a instrumentalización dos demais membros da familia e, en especial, das/os menores e asegurar a protección do interese superior do menor e o seu benestar.
- B) Informativa, facilitando ás familias a información necesaria para favorecer unha mellor comprensión do medio e dos recursos dispoñibles.
- C) Educativa e formativa, proporcionando ás familias os medios necesarios para o desenvolvemento integral das súas funcións e habilidades, facilitando que a dinámica individual e familiar sexa creativa, eficaz e enriquecedora.
- D) Todas as respostas son correctas.

5. Que vacina está totalmente contraindicada no embarazo?.

- A) Difteria.
- B) Rubéola.
- C) Tétanos.
- D) Tose ferina.

6. Quen constitúe o ecosistema humano?.

- A) O ser humano.
- B) O seu medio físico e biolóxico.
- C) O seu ambiente sociocultural.
- D) Todas son correctas.

7. Cal das seguintes vacinas NON forma parte da Triple Vírica?

- A) Sarampelo.
- B) Rubéola.
- C) Parotidite.
- D) Virus do papiloma humán.

8. A definición: "estado de carácter permanente no que se atopan as persoas que, por razóns derivadas da idade, a enfermidade ou a discapacidade, e ligadas á falta ou á perda de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, precisan da atención doutra ou outras persoas ou axudas importantes para realizar actividades básicas da vida diaria ou, no caso das persoas con discapacidade intelectual ou enfermidade mental, doutros apoios para a súa autonomía persoal", fai referencia a:

- A) Discapacidade.
- B) Dependencia.
- C) Diversidade funcional.
- D) Minusvalía.

9. Cal é un dereito relacionado coa autonomía de decisión, segundo a Lei 5/2015, do 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais?

- A) Dereito a rexeitar o tratamento, a intervención ou o procedemento que se lle propoña, a pesar de que isto poida poñer en risco a súa vida.
- B) Dereito a solicitar a opinión doutra ou doutro profesional co obxectivo de fortalecer a relación médico-paciente e de complementar as posibilidades da atención sanitaria.
- C) Dereito a que se requira o consentimento do paciente ou, a falta deste, o dos seus representantes legais, e o da profesional ou do profesional da saúde interveniente, ante exposicións con fins académicos, con carácter previo á realización da devandita exposición.
- D) Todas son correctas.

10. A escoita na entrevista require do/a traballador/a social:

- A) Cambios dinámicos coas expresións do paciente.
- B) Un estado de conciencia receptivo.
- C) A utilización de silencios funcionais.
- D) Todas son correctas.

11. A intervención indirecta en traballo social:

- A) É aquela que realiza o profesional sen a presenza, nin a participación activa do cliente/usuario. Trata de modificar o contorno para achegar os recursos ao cliente.
- B) Non ten influencia na calidade da intervención directa.
- C) Caracterízase polo uso de técnicas e destrezas baseadas fundamentalmente na relación e a axuda e responden ao principal obxectivo do traballo social individualizado: a potenciación dos recursos de que dispón o propio individuo para facer fronte ao problema e aproveitar as oportunidades sociais.
- D) Todas son correctas.

12. Criterios que se corresponden cunha situación de malos tratos leves a un menor:

- A) Existencia de indicadores físicos que poñen en perigo a integridade do menor.
- B) A existencia de denuncias e intervencións sociais anteriores.
- C) A existencia de indicadores de malos tratos que se poidan abordar desde o contorno sociofamiliar do menor.
- D) Todas son correctas.

13. Cal das seguintes é unha orientación para o traballo social con grupos de enfermos segundo Tomás Fernández e Antonio López?:

- A) Informar e proporcionar asesoramento dunha perspectiva multidisciplinar, facilitando a convivencia e a integración de distintas persoas con diferentes problemas.
- B) Provisión de cuidados continuados encamiñados á recuperación.
- C) Valorar a contorna persoal máis próximo, incluíndo familia e domicilio.
- D) As respostas A e C son correctas.

14. O Plan Marco de Atención Sociosanitaria de Galicia establece, entre outros, os seguintes perfís de persoas con maior probabilidade de demanda desta atención. Sinala o incorrecto:

- A) Persoas maiores enfermas. Persoas en cuidados paliativos.
- B) Persoas con discapacidade física e dependencia funcional elevada. Persoas con discapacidade intelectual.
- C) Persoas con patoloxía crónica con necesidade de cuidados sanitarios continuados, con máis de tres ingresos hospitalarios, ausencia de rede social de apoio e vivenda que non reúne as condicións apropiadas ás necesidades da persoa.
- D) Persoas con discapacidade asociada a enfermidade mental.

15. En violencia de xénero NON se considera un indicador psicolóxico:

- A) Aillamento social.
- B) Conduta autodestrutiva.
- C) Discapacidades non explicadas.
- D) Ansiedade.

16. Cal das seguintes respostas NON é correcta en relación á participación emocional controlada?

- A) Consiste na sensibilidade do/a traballador/a social para os sentimentos do usuario, comprensión do seu significado e resposta intencionada e apropiada a estes sentimentos.
- B) É ante todo unha resposta interna, de empatía, que se comunica ao/a usuario/a a través dalgunhas manifestacións externas.
- C) Consiste no recoñecemento da necesidade do/a usuario/a de expresar os seus sentimentos con liberdade, en especial os de signo negativo.
- D) A habilidade do/a profesional consiste en saber recoñecer e intuír que tipo de resposta e/ou que tipo de comunicación verbal ou non verbal precisa a persoa.

17. Que é o Consello Galego de Saúde?

- A) O órgano colexiado de natureza consultiva a través do que se articula a participación comunitaria no terreo das áreas sanitarias.
- B) O órgano de participación comunitaria a nivel comarcal, cuxa finalidade é a de asesorar aos correspondentes órganos directivos sobre cuestións relacionadas coa mellora e o mantemento dos estándares de saúde.
- C) O órgano colexiado de participación municipal ao que lle corresponde a coordinación cos concellos e cuxa finalidade é implicar ás organizacións sociais e cidadás co obxecto de alcanzar maiores niveis de saúde.
- D) O órgano colexiado de participación comunitaria no Sistema Público de Saúde de Galicia ao que lle corresponde o asesoramento á Consellería de Sanidade da Xunta na formulación da política sanitaria e no control da súa execución.

18. Algúns autores como Mayer e Ouellet, consideran importantes para realizar a entrevista as seguintes aptitudes:

- A) Inspirar confianza. Suscitar e manter o interese.
- B) escoitar e non intervir, excepto nos momentos propicios. Reducir as distancias que poden crear as diferenzas de status social de cultura entre el e o seu interlocutor.
- C) Aproveitar o campo de coñecementos do informador e explotalos.
- D) Todas son correctas

19. Segundo o último informe da Fundación FOESSA 2014, sobre exclusión e desenrolo social, Galicia é unha Comunidade Autónoma:

- A) Con menor risco de pobreza e exclusión social que outras CCAA.
- B) Con maior risco de pobreza e exclusión social que outras CCAA.
- C) Non existe risco de pobreza ou exclusión social distinto doutras CCAA.
- D) O informe FOESSA non fai referencia á exclusión e desenrolo social.

20. Segundo Amaya Ituarte, a supervisión grupal pluridisciplinar esixe que se produzan as seguintes condicións:

- A) Respecto e aceptación dos puntos de vista profesionais doutras disciplinas.
- B) Confianza mutua.
- C) Confianza co supervisor.
- D) Todas son correctas.

21. Cal das seguintes actividades NON é propia da Atención Primaria de saúde?.

- A) Tratamento psicoterapéutico.
- B) Acompañamento en ambulancia ao paciente grave.
- C) Atención hospitalaria programada.
- D) Información e seguimento de métodos anticonceptivos.

22. Que é o diagnóstico en Traballo Social?

- A) A opinión do traballador social sobre o problema presentado polo doente.
- B) A capacidade para prestar unha atención diferenciada e personalizada.
- C) Ter un coñecemento da realidade obxecto da acción transformadora.
- D) O nivel de atención que se pode ofrecer.

23. O "decálogo de dereitos das persoas maiores", enmarcado dentro do Plan Galego de Persoas Miores, NON contempla como dereito das persoas maiores:

- A) Participar activamente na vida pública, social e política, tanto individualmente como a través de órganos colexiados.
- B) Decidir como queren dispoñer do seu tempo libre e gozar dos seus seres queridos.
- C) Articular ás súas familias en función das súas propias necesidades.
- D) Respetar á súa dignidade e intimidade tanto se son autónomos coma se se atopan en situación de dependencia.

24. Cales son as etapas do método de investigación epidemiolóxico?

- A) Observación e descripción da realidade
- B) Elaboración e verificación de hipótese
- C) Resolución e inferencia causal
- D) Todas son correctas.

25. A afirmación: "No traballo social hospitalario, o casework debe estar condicionado por todos os puntos do problema médico":

- A) Non é certa, xa que o traballo social hospitalario intervén basicamente coa problemática social.
- B) É certa, xa que o traballo social hospitalario mantivo ao longo da historia un coñecemento dos hábitos de vida, estado de saúde e espazos onde a persoa desenvolve a súa vida.
- C) Non é certa, xa que o traballo social hospitalario non se somete ao criterio médico e pode desenvolverse independentemente da enfermidade e condicións de vida do paciente.
- D) Non é certa, xa que o traballo social hospitalario non ten que buscar resultados en saúde.

26. Segundo Real Decreto Lei 16/2012, do 20 de abril, os estranxeiros menores de dezaioito anos non rexistrados nin autorizados como residentes en España recibirán asistencia sanitaria:

- A) Soamente asistencia ao embarazo, parto e posparto.
- B) Soamente de urxencia por enfermidade grave ou accidente, calquera que sexa a súa causa ata a situación de alta médica.
- C) Só en caso de enfermidade crónica.
- D) En todo caso, nas mesmas condicións que os españois

27. Cal dos seguintes NON é un deber das persoas voluntarias?:

- A) Realizar a súa actividade segundo os principios establecidos na lei.
- B) Observar as medidas de saúde e seguridade que se adoptasen.
- C) Participar nas actividades formativas que se entendan necesarias para un desenvolvemento adecuado da acción voluntaria.
- D) Estar aseguradas mediante póliza que cubra as riscos de accidentes da propia persoa voluntaria, así como por danos e perdas causados a terceiros, derivados directamente da súa acción voluntaria.

28. Existen factores e efectos que poden distorsionar a validez dunha avaliación interna, externa ou mixta. A cal dos efectos reactivos se refire o "efecto Hawthorne"?

- A) Cando os avaliadores emiten unha impresión xeral do suxeito.
- B) Cando se produce unha forte reacción competitiva.
- C) Cando o suxeito se dá conta de que é motivo de avaliación, modificando o comportamento habitual.
- D) Cando o suxeito se nega a ser avaliado.

29. Que autor establece as etapas de investigación e intervención transformadora no método de traballo social?

- A) T. Rosell.
- B) E. Ander-Egg.
- C) N. Kisnerman.
- D) C. De Robertis.

30. Elevando ao cadrado a desviación típica obtense:

- A) A desviación estándar.
- B) A desviación media.
- C) A varianza.
- D) Unha porcentaxe.

31. Segundo o Libro Blanco da Atención Temperá, cal dos seguintes obxectivos NON é propio da Atención Temperá?

- A) Introducir mecanismos de compensación, eliminación de barreiras e adaptación a necesidades específicas.
- B) Optimizar o curso do desenvolvemento do neno.
- C) Fomentar a intervención nos primeiros anos, para, unha vez finalizado o tratamento, poder acudir a un centro escolar.
- D) Atender e cubrir as necesidades e demandas da familia e o contorno no que vive o neno.

32. O "Programa de planificación do alta hospitalaria":

- A) Sistematiza, universaliza e rendibiliza a intervención profesional converténdoa en futuras propostas de actuación.
- B) Busca obter información do conxunto de resultados provenientes de datos obtidos de información allea á actividade diaria.
- C) Non permite proxectar as tendencias nas demandas da poboación e participar na planificación de recursos.
- D) As respostas A e C son correctas.

33. No modelo familiar utilízase o termo "alianza terapéutica" como:

- A) Alianzas que se establecen entre os membros dunha familia.
- B) Establecemento da confianza entre a familia e o/a traballador/a social.
- C) Establecemento de alianzas entre a familia e o ámbito sanitario.
- D) Aquelas alianzas que o/a traballador/a social logra afianzar entre pais e fillos.

34. Nas estatísticas de Saúde Pública utilízanse distintos tipos de variables. Segundo a súa escala de medida, encontraríamos as variables cuantitativas, cuxa característica é:

- A) Que son variables categóricas.
- B) Que só poden presentar os datos como porcentaxes.
- C) Que se presentan sempre cunha medida de tendencia central (media, mediana...) e unha medida de dispersión (rango, desviación...).
- D) Ningunha resposta é correcta.

35. Como se denomina o proceso terapéutico dirixido a superar o proceso de dependencia psicolóxica?.

- A) Dependencia.
- B) Deshabitución.
- C) Desintoxicación.
- D) Todas son incorretas.

36. Nas hipóteses entre cuxas variables se establece unha relación de dependencia:

- A) A variable dependente pode xenerar un efecto sobre a variable independente.
- B) Ambas poderían actuar como variable causal.
- C) A variable independente pode xerar un efecto sobre a variable dependente.
- D) Non existe influencia ou causalidade en dita relación.

37. Cal é o fin ou os fins do Contrato en Traballo Social?:

- A) Proporcionar un cambio conductual asociado a unha patoloxía concreta, para sufragar un estado de carencia ou necesidade.
- B) Terá fins terapéuticos específicos.
- C) Estará orientado ao tratamento dunha patoloxía concreta.
- D) Todas son correctas.

38. A Atención Primaria de Saúde inclúe a Atención Domiciliaria a persoas maiores inmobilizadas, que comprendería:

- A) Valoración integral das necesidades do paciente, incluíndo as causas da súa inmovilización. Establecendo un plan de coidados, médicos e de enfermería, que inclúa medidas preventivas, instrucións para o correcto seguimento do tratamento, recomendacións hixiénico-dietéticas, control dos síntomas e coidados xerais, así como a coordinación cos servizos sociais.
- B) Realización e seguimento dos tratamentos ou procedementos terapéuticos que necesite o paciente.
- C) Facilitar información e asesoramento ás persoas vinculadas ao paciente, especialmente ao cuidador/a principal.
- D) Todas son correctas

39. Cales son os principais manuais de clasificación das enfermidades mentais?

- A) CIE.
- B) EVO.
- C) DSM.
- D) As respostas A e C son correctas.

40. O programa galego de detección precoz do cancro colorrectal:

- A) É un programa de prevención primaria.
- B) É un programa que está dirixido a homes e mulleres de 45 a 55 anos.
- C) Consiste en facerse cada 2 anos unha proba sinxela para detectar sangue oculto nas feces.
- D) Todas son correctas.

41. A que nos referimos se falamos de: "Definir e enunciado claramente os obxectivos e metas. Propoñer obxectivos e metas realistas. Establecer unha xerarquización de obxectivos. Facer eleccións compatibles e complementarias entre os obxectivos. Determinar os recursos dispoñibles e asignar os recursos en cantidade e tempo oportunos a cada aspecto do programa. Determinar os instrumentos e medios adecuados aos fins. Establecer o tempo e o ritmo"?

- A) Os criterios e pautas para as tarefas de programación.
- B) Os criterios e pautas para as tarefas do proxecto.
- C) Os criterios e pautas para as tarefas do plan.
- D) Os criterios e pautas para as tarefas de valoración.

42. Northern fala de 4 técnicas útiles para axudar ao cliente a acadar seus obxectivos:

- A) Apoio, ventilación, clarificación e confrontación.
- B) Escoita activa, exploración, clarificación e confrontación.
- C) Apoio, exploración, clarificación e confrontación.
- D) Escoita activa, apoio, clarificación e confrontación.

43. Segundo Amaya Ituarte, do concepto teórico básico do traballo social se deducen unha serie de consecuencias:

- A) Calquera acontecemento que se produza ou afecte a un calquera dos elementos que conforman ao ser humano, non ten porque afectar aos demais.
- B) Cando non é posible actuar sobre o elemento que sofre directamente o acontecemento estresante, non se pode mellorar nin diminuír os elementos nocivos do devandito acontecemento.
- C) As accións tendentes a mellorar o contexto exercerán unha acción preventiva que repercutirá en forma directa no benestar dos seres humanos.
- D) Todas son correctas.

44. Segundo a Lei 8/2008, de 10 de xullo, de Saúde de Galicia, as persoas enfermas mentais, nos ingresos forzosos, teñen dereito a:

- A) Non teñen ningún dereito porque é forzoso.
- B) Non teñen ningún dereito porque o ingreso o decide a familia.
- C) A que se reexamine periódicamente a necesidade de internamento.
- D) A que se reexamine, no prazo de 72 horas, a necesidade de internamento.

45. Que autor establece a teoría dos ciclos da vida?

- A) Freud.
- B) Minuchin.
- C) Tschorne.
- D) Erickson.

46. O Traballo Social promove o cambio social, a resolución de problemas nas relacións humanas e o fortalecemento e liberación das persoas para incrementar o benestar, mediante a utilización de teorías sobre comportamento humano e os sistemas sociais, O traballo social intervén nos puntos nos que as persoas interactúan co seu contorno. Os principios de Dereitos Humanos e Xustiza Social son fundamentais. É a definición de Traballo Social segundo:

- A) Asociación internacional de Escolas de Traballo Social.
- B) Federación Internacional de Traballadores Sociais.
- C) Consello Xeral do Traballo Social.
- D) Federación Internacional de Traballadores Sociais e Asociación Internacional de Escolas de Traballo Social.

47. A principal causa de morte en España de persoas maiores de 30 anos é:

- A) Enfermidade isquémica do corazón.
- B) Enfermidades cerebro vasculares.
- C) Cancro de bronquios e pulmón.
- D) Demencias.

48. NON é un principio da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia:

- A) O establecemento das medidas adecuadas de prevención, rehabilitación e reinserción.
- B) A participación do terceiro sector nos servizos e prestacións de promoción da autonomía persoal e atención á situación de dependencia.
- C) A inclusión da perspectiva de xénero, tendo en conta as distintas necesidades de mulleres e homes.
- D) As persoas en situación de gran dependencia serán atendidas de maneira preferente.

49. Segundo a OMS, a adolescencia refírese a persoas que teñen:

- A) Entre 11 e 20 anos.
- B) De 11 a 15 anos..
- C) De 10 a 19 anos.
- D) De 12 a 20 anos.

50. Cal é a primeira causa de morte nos menores de 15 anos?.

- A) As enfermidades infecciosas.
- B) As enfermidades conxénitas.
- C) Os accidentes.
- D) Ningunha resposta e correcta.

51. A que autor se atribúe a definición de rede social, como "un conxunto específico de vínculos entre un conxunto definido de persoas, coa propiedade de que as características deses vínculos como un todo poden usarse para interpretar a conduta social das persoas implicadas"?

- A) Barner.
- B) Bott e Nadel.
- C) Mitchell.
- D) Garbarino.

52. Que é o "Banco de Boas Prácticas" en materia de prevención de dependencia e envellecemento activo?

- A) É unha iniciativa do IMSERSO para proporcionar aos maiores rehabilitación física e psíquica.
- B) É un catálogo on line de boas prácticas, que identifica e difunde experiencias innovadoras.
- C) É un folleto informativo que se entrega a todas aquelas persoas que, desde 2015, pasan a unha situación de xubilación.
- D) É un programa de Cruz Roja de formación para maiores de 65 anos.

53. Tipos de entrevista segundo a técnica utilizada:

- A) Entrevistas estruturadas, semiestruturadas e non estruturadas.
- B) Focalizadas, clínicas ou non dirixidas.
- C) Directivas, non directivas ou mixtas.
- D) Libre, planificada ou estandarizada.

54. Factores que deben estar presentes para que un castigo corporal sexa cualificado de malos tratos físicos:

- A) A intensidade da reacción do pai/nai/titor non se corresponde coa gravidade da acción ou non é apropiada.
- B) O neno presenta un estrés emocional non xustificado.
- C) As respostas A e B son correctas.
- D) Sempre que exista un castigo, será considerado malos tratos físicos.

55. A mediana é:

- A) Un parámetro de dispersión.
- B) Un parámetro de posición.
- C) Unha razón.
- D) Unha correlación.

56. Preséntase no centro de saúde Frank, de 25 anos, oriúndo de Namibia, en situación irregular, sen ingresos coñecidos e sen ningunha rede de apoio social, empadroado en Lalín dende fai sete meses, solicitando información acerca de asistencia sanitaria pública. A cal dos seguintes tipos de asistencia sanitaria poderá acceder?

- A) Asistencia sanitaria a persoas sen recursos.
- B) Asistencia sanitaria a través do INSS
- C) Asistencia sanitaria a través do programa galego de protección da saúde pública
- D) Todas as respostas son corretas.

57. Joy é unha muller de 32 anos de orixe nixeriana que solicitou e foi incluída no Programa Galego de Protección Social de Saúde Pública. Recibiu facturas do Sergas referentes a atencións no Servizo de Urgencias do Hospital, onde acudira e recibira asistencia médica. Estas facturas poderán ser anuladas se as asistencias que as orixinaron tiveron lugar:

- A) Desde a data da solicitude do P. Galego de Protección Social e Saúde Pública.
- B) Sempre que non transcorresen máis de seis meses desde a primeira asistencia prestada e ata a data de solicitude de inclusión no programa.
- C) En ambos casos, sempre que na data de asistencia se cumpríse o requisito de empadroamento de cento oitenta e tres días.
- D) Ningunha é correcta.

58. Nunha empresa prodúcese un afundimento. Como resultado hai 10 feridos graves, 2 mortos e 2 desaparecidos. Inmediatamente alértase ao hospital de referencia da situación. Cales NON serán funcións propias dos traballadores sociais nesta situación de emerxencia?

- A) Activación de recursos económicos de apoio aos afectados.
- B) Procura-localización e reagrupamento de familiares e/ou achegados das persoas implicadas.
- C) Apoio aos afectados, familiares, achegados e participantes.
- D) As respostas B e C son correctas.

59. Aurelio, de 89 anos, pasa parte do seu tempo na cama, que só pode abandonar coa axuda doutras persoas e ten unha importante dificultade para desprazarse, non se coñece a causa e sendo previsible que esta situación dure máis de dous meses. Residen no seu domicilio con Marisa, a súa esposa de 80 anos. Teñen tres fillos e axuda no fogar privada. O equipo de Atención Primaria de Saúde debería entre outras realizar as seguintes valoracións utilizando determinadas escalas ou instrumentos de medida:

- A) Valoración Funcional..(Índice de Katz, Lawton e Brody) e Valoración Cognitiva. (MMSE).
- B) Valoración da situación Socio-familiar (escala GIJÓN).
- C) A resposta A e B son respostas correctas.
- D) Non se corresponden Valoración e instrumentos de medida.

60. Os pais dun menor afectado por cancro ou outra enfermidade grave, poderán optar á prestación económica por coidado de menores, por redución de xornada laboral:

- A) Si, cando exista un diagnóstico de enfermidade grave ou cancro.
- B) Poderán optar ambos pais, simultaneamente.
- C) Cando ambos os dous traballen.
- D) Transcorrido o prazo de tres meses desde o diagnóstico de cancro ou enfermidade grave.

61. Cal das seguintes NON é unha recomendación que deba seguir o traballador social ou a traballadora social para a atención a adolescentes?:

- A) Debe responder ás necesidades do adolescente, axudándolle a discernir as súas tensións e os seus conflitos.
- B) Debe expoñer, propoñer ou comparar os seus propios criterios cos do adolescente.
- C) É necesario animar ao adolescente a que sexa el o que tome as súas propias decisións.
- D) Todas son correctas.

62. Acude o irmán de José ,de 16 anos, cunha discapacidade do 75% á unidade de saúde mental onde está en seguemento para solicitar a súa incapacitación legal en contra do criterio dos seus pais. O traballador social infórmalle que ésta so poderá ser promovida por:

- A) O presunto incapaz, os ascendentes ou os irmáns do presunto incapaz.
- B) Os ascendentes ou os irmáns do presunto incapaz.
- C) Quen exerza a patria potestade ou tutela.
- D) Ningunha é correcta.

63. Unha persoa acode por primeira vez á unidade de tratamento de alcoholismo, a traballadora social ao realizar a entrevista de acollida :

- A) Realizará unha primeira análise da demanda do paciente .
- B) Realizará unha análise da súa motivación e expectativas fronte ao tratamento.
- C) Procurará reforzar e apoiar o desexo de cambio do paciente.
- D) Todas son correctas.

64. Cando nunha intervención, no contexto das enfermidades graves, o traballador social analiza as funcións do apoio social, a máis importante sería:

- A) A función emocional, relacionada con aspectos como o confort, o coidado e a intimidade.
- B) A función informativa, que involucra recibir consello e orientación.
- C) A función instrumental, que implica a dispoñibilidade de axuda directa en forma de servizos ou recursos.
- D) A función amortiguadora, que implica a redución do impacto dos estresores ambientais.

65. O/a traballador/a social dun centro de saúde está a deseñar unha intervención con familias. Para iso debe:

- A) Localizar o problema social e analizar a situación.
- B) Facer unha avaliación preliminar e operativa.
- C) Poñer en práctica estratexias de intervención.
- D) Todas son correctas.

66. Cando un traballador social intervén cun paciente paliativo, a brevidade do tempo de que dispón para traballar condiciona as actuacións e, por iso:

- A) A intervención social debe realizarse co paciente e o coidador principal en entrevistas conxuntas preferentemente.
- B) As intervencións ou terapias breves adoitan dar bos resultados.
- C) A intervención social debe ir encamiñada a resolver aspectos concretos.
- D) As intervencións deben realizarse só co coidador principal .

67. Un paciente é levado ao servizo de urxencias por un episodio autolítico. Ás 4 horas solicita alta voluntaria. Cal das seguintes NON sería unha razón para o ingreso involuntario na unidade de agudos?

- A) Cando existe un perigo concreto para a vida, a saúde ou a integridade do doente.
- B) Cando existe un perigo concreto para a vida de terceiras persoas.
- C) Só no caso de pacientes axitados e/ou agresivos.
- D) Cando existe unha patoloxía psiquiátrica grave que implica un risco e o médico determina que o doente é incapaz de decidir.

68. Ana ten un fillo de 4 anos, Miguel, cunha patoloxía neurolóxica pola que acode a tratamento ao servizo de Atención Temperá. Ana atópase moi deprimida pola súa situación familiar. É idóneo que traten a Ana do seu problema no servizo de Atención Temperá?

- A) Non, xa que só atenden nenos.
- B) Non é o servizo adecuado. Terá que acudir ao seu médico para que a derive á Unidade de Saúde Mental correspondente.
- C) Si, xa que o servizo de Atención Temperá comprende a atención aos menores e ás súas familias.
- D) Ningunha resposta é correcta.

69. Unha persona invidente acude ao centro de saúde preguntando cando se recoñece a prestación económica de asistencia persoal. O traballador social indicará como requisito obrigatorio para a concesión de dita prestación :

- A) Ter recoñecida unha situación de dependencia, calquera que sexa seu grao.
- B) Exclusivamente a quen teña recoñecida unha dependencia de Grado I.
- C) Exclusivamente a quen teña recoñecida unha dependencia de Grao II.
- D) Exclusivamente a quen teña recoñecida unha dependencia de Grao III.

70. A que escala correspondería o seguinte enunciado?.

Conteste cun si ou un non ás seguintes preguntas:

1. Milita vostede nun partido político?
2. Adoita asistir a mitins de partidos políticos?
3. Tentou convencer a un amigo para que vote a un determinado partido?
4. Agrádalle manter discusións sobre política?
5. Considérase unha persoa informada politicamente?

- A) Escala de Distancia Social.
- B) Escala de Guttman.
- C) Escala de Intensidade.
- D) Escala de Likert.

71. Jacinta, 78 anos, é unha persoa cunha patoloxía crónica con necesidades de cuidados sanitarios continuados. Nos últimos doce meses estivo ingresada en tres ocasións durante máis de 24 horas por caídas. Ten unha limitación funcional severa para actividades de vida diaria. Ten recoñecido un grao II de Dependencia. Carece de rede de apoio adecuada e a vivenda non conta coas condicións apropiadas ás necesidades da paciente. A que perfil de persoa en risco de necesitar atención sanitaria e social nos referimos, de acordo ao Plan marco de atención sociosanitaria de Galicia?

- A) Persoa maior con discapacidade física e dependencia funcional elevada.
- B) Persoa maior con discapacidade asociada a enfermidade mental.
- C) Persoa maior enferma con risco de empeoramento de estado de saúde e con dependencia funcional.
- D) Persoa maior con discapacidade física e dependencia funcional severa.

72. Nun estudo realizado nunha poboación de 200 persoas sobre consumo de tabaco e patoloxías chégase á conclusión de que o coeficiente de correlación entre o número de cigarros fumados e diagnóstico de diabetes é de +1.28. Tendo en conta o coeficiente de correlación, sinala a resposta correcta:

- A) O consumo de cigarros incrementa o risco de padecer diabetes.
- B) O consumo de cigarros diminúe o risco de padecer diabetes.
- C) O consumo de cigarros non ten relación co risco de padecer diabetes.
- D) Neste estudo non se calculou ben o coeficiente de correlación.

73. Acode ao centro de saúde James, estranxeiro en situación irregular, que relata que non dispón de ingresos para atender as súas necesidades básicas de supervivencia ,Como consideramos esta situación?

- A) Pobreza absoluta.
- B) Pobreza relativa.
- C) Pobreza funcional.
- D) Pobreza marginal

74. Que técnicas de avaliación debería elixir o/a traballador/a social na fase final dun grupo?:

- A) Gustaríame borrar....Como sentimos. Eu neste grupo...
- B) Cuchicheo. O visitante. O reglo da alegría.
- C) Que mundo gustaríame ter. Miremos máis aló.
- D) O náufrago. Teño medo.

75. Unha persoa que ten recoñecida unha dependencia en grao I, segundo establézao no PIA, pode optar a:

- A) Ata 35 horas ao mes de servizo de axuda a domicilio non intensivo, máis 30 horas ao mes de servizo de atención diúrna non intensivo e servizo de teleasistencia.
- B) Ata 10 horas ao mes de servizo de axuda a domicilio non intensivo, máis 50 horas ao mes de servizo de atención diúrna non intensivo e servizo de teleasistencia.
- C) Ata 10 horas ao mes de servizo de axuda a domicilio non intensivo, máis 30 horas ao mes de servizo de atención diúrna non intensivo e servizo de teleasistencia.
- D) Ata 23 horas ao mes de servizo de axuda a domicilio non intensivo, máis 50 horas ao mes de servizo de atención diúrna non intensivo.

- 76. O traballador social do centro de saúde detecta unha situación nas que as necesidades básicas dunha nena non son atendidas por ningún membro adulto do grupo de convivencia. Debería intervir pois atópase ante unha situación de:**
- A) Maltrato emocional.
 - B) Abandono físico ou negligencia.
 - C) Maltrato físico.
 - D) Abandono emocional.
- 77. Antonia de 56 anos acode á consulta do traballador/a social do centro de saúde da poboación na que vive. Manifesta que o seu marido, de 60 anos acaba de ser diagnosticado de Alzheimer e que se mostra agresivo, pero que sempre foi un marido e un pai excelente. Mostra hematomas nos brazos e di non recoñecer a Juan, o seu marido xa que lle ten incluso temor. Cal sería o primeiro paso prioritario del traballador social como medida preventiva da situación que vive Antonia?**
- A) Iniciar o protocolo de muller maltratada.
 - B) Que o traballador/a social cite a Antonia para levar a cabo máis entrevistas para mediar na situación de parella, informarlle de recursos e se é preciso orientar a Antonia cara a unha denuncia por violencia de xénero.
 - C) Informar ao médico e enfermeira da situación do paciente e a súa familia (para unha posible valoración e/ou axuste de medicación), establecendo pautas de coordinación e seguimento da situación, prestando apoio psicolóxico e facilitando información de recursos de apoio.
 - D) Realizáranse actividades preventivas da situación de dependencia cara á que se aboca Juan.
- 78. O traballador social do centro de saúde realiza unha primeira visita a un paciente inmovilizado. Cal é a finalidade desta visita domiciliaria?**
- A) Realizar unha vixilancia e sanción sobre o usuario.
 - B) Profundizar na comprensión do diagnóstico.
 - C) Estudar e observar o ambiente familiar.
 - D) As respostas B e C son correctas.
- 79. Durante unha entrevista prodúcese unha contrartransferencia cando:**
- A) Conseguimos que o doente reviva sentimentos e emocións do pasado coma se fosen actuais.
 - B) Provocamos unha reacción no doente a consecuencia dos temores que lle transferimos como profesional.
 - C) O profesional aplica inadecuadamente os seus sentimentos (problemas, temores, expectativas) ao doente ou ao seu problema.
 - D) Todas son correctas.
- 80. Persona de 74 anos, válida e independente para as actividades básicas da vida diaria, ingresa no servizo de Neuroloxía por ACV (accidente cerebro-vascular). Cales serán as actuacións iniciais do traballador/a social se está implantando o Programa de planificación do alta hospitalaria?**
- A) Nas 24-48 horas seguintes ao ingreso, o/a traballador/a social contactará co paciente e citará á familia, se a houbese.
 - B) Estudo socio-familiar do paciente para coñecer os apoios cos que conta e o impacto da enfermidade no grupo familiar.
 - C) Analizárase o antes posible a readaptación do paciente no seu domicilio.
 - D) As respostas A e B son correctas.

81. Nunha intervención social, Que tipo de escala utilízase para valorar as actividades básicas da vida diaria?

- A) Escala de Goldbert.
- B) Test de Shulman.
- C) Escala Gijón.
- D) Índice de Barthel.

82. Juan e Ana teñen unha nena de 2 anos que apenas sabe falar. Uns amigos faláronlles do servizo de Atención Temperá e deciden acudir para solicitar unha valoración da súa filla. É esa a vía de acceso ao servizo?

- A) Si, son os seus pais e poden por iniciativa propia acudir a ese servizo.
- B) Non, xa que debe ser derivado polo seu pediatra ou por un especialista en base aos criterios establecidos.
- C) Non, porque deben esperar a que teña 3 anos, acuda ao colexio, e alí recibira o apoio que precise.
- D) As respostas B e C son correctas.

83. José e Marta son un matrimonio de idade avanzada. No domicilio, convive, un fillo con problemática de ludopatía, sendo en ocasións difícil a convivencia debido ao desembolso económico que en ocasións teñen que facer para pagar as débedas contraídas do seu fillo. Acoden á Unidade de Traballo Social do seu centro de saúde para que lles informen e tramitar ingreso en centro residencial, pidiendole discreción e confidencialidade, por ser unhas persoas moi coñecidas no seu barrio. Días despois acode ao traballador social un sobriño de José preguntando pola consulta dos seus tíos e querendo saber o motivo de consulta-entrevista. Cando NON vulnera o segredo profesional o traballador social?

- A) Cando fose relevado do segredo profesional, por escrito, polo usuario/s, o seu representante legal ou os seus herdeiros.
- B) Cando reciba orde de informar sobre as cuestións confidenciais por mandato legal ou órgano xudicial. E/ou o usuario/s ou terceiras persoas poidan resultar afectadas dunha forma inxusta e grave.
- C) Ningunha resposta é correcta.
- D) As respostas A e B son correctas.

84. Patricia, de 20 anos, embarazada, que convive con gatos e que non está inmunizada contra a toxoplasmosis, debe ter en conta certas recomendacións para non contaxiarse desta enfermidade. Cal NON é correcta?

- A) Evitar o contacto coas feces dos gatos.
- B) Non comer carne crúa ou sen cocer (incluíndo carnes frías e embutidos), ou verduras ou froitas crúas sen lavarse ben con auga.
- C) Lávese ben as mans, as superficies e os utensilios de cociña despois de manipular a carne crúa ou as verduras.
- D) Non comer peixe conxelado.

85. No suposto caso que Alfredo, de 14 anos e con mal rendemento académico, quixese deixar os estudos:

- A) Podería facelo sempre que os seus pais o autorizasen.
- B) Non podería facelo, pois a educación obrigatoria abarca desde os 5 aos 14 anos.
- C) Non podería facelo, pois a educación obrigatoria abarca dos 6 aos 16 anos.
- D) Ningunha das respostas é correcta.

86. Muller de 68 anos, valorada recentemente co 67% de discapacidade, e cuns ingresos mensuais de 150 euros, vive soa nunha vivenda alugada desde hai 20 anos nun Concello de Galicia. Ten dereito a solicitar unha pensión non contributiva?

- A) Si, ten dereito a unha pensión non contributiva por xubilación.
- B) Si, ten dereito a unha pensión non contributiva por discapacidade.
- C) Non, non ten dereito por percibir rendas mensuais.
- D) Tería dereito a pensión non contributiva, pero, en ningún caso, ao complemento para titulares de PNC que residan nunha vivenda alugada.

87. Que finalidade se persegue cando realizamos un diagnóstico social?

- A) Servir de base para programar accións concretas.
- B) Proporcionar un cadro de situación que sirva para as estratexias de actuación.
- C) Determinar as características ambientais que inflúen no caso.
- D) As respostas A e B son correctas.

88. A traballadora social dun centro de saúde, ademais de coñecer os grupos de autoaxuda que hai na comunidade, pode contribuír aos devanditos grupos da seguinte forma:

- A) Entrar en competición cos devanditos grupos.
- B) Concertar ou proporcionar formación aos membros ou líderes.
- C) Evitar derivacións do grupo.
- D) Ao tratarse de grupos de autoaxuda non pode contribuír de ningún xeito.

89. Que tipo de axuda de inclusión social se tramita especialmente para trastornos relacionados con drogodependencia?

- A) Para gastos extraordinarios derivados de procesos de axuste de persoal.
- B) Para atención sanitaria e sociosanitaria non cuberta polos sistemas públicos de saúde e de servizos sociais.
- C) Para a atención de necesidades primarias de alimentación, vestido e enxoval doméstico.
- D) As respostas B e C son correctas.

90. Para favorecer a participación comunitaria en saúde, o traballador social debe ter en conta que:

- A) Adoita ocorrer espontaneamente.
- B) Ademais dun punto de partida, necesita un mentor, facilitador ou guía que estea dentro do sector saúde.
- C) Trátase dun proceso continuo de implicación da comunidade para mellorar as súas condicións sociais e calidade de vida que ten un inicio nun momento determinado e un final.
- D) Todas son correctas.

91. A traballadora social do Centro de Saúde dun municipio de 25.000 habitantes, vai desenvolver unha primeira entrevista cunha paciente que o seu médico sospeita que os seus problemas de saúde poidan derivar dunha posible situación de violencia de xénero. Nesta primeira entrevista a traballadora social:

- A) Non debería realizar unha entrevista breve, xa que é posible atopar un alto nivel de resistencia, rexeitamento ou nerviosismo.
- B) Debería facer unha devolución á muller sobre o seu estado de saúde, relacionando o motivo da consulta cun posible problema familiar ou de parella.
- C) Débese propoñer a derivación inmediata como primeira medida de actuación.
- D) Todas son correctas.

92. Un neno de dous anos de idade acode coa súa tía ao servizo de urxencias por febre elevada. Durante os dous últimos días di que permaneceu con ela por ausencia da súa nai. Na exploración os pediatras detectan sinais de dúas posibles queimaduras de cigarro nas costas (as cales a tía non sabe explicar a súa orixe). Cal sería nun primeiro momento o protocolo que debe seguir o/a traballador/a social?

- A) Debe recoller a información relevante sobre o menor e a familia.
- B) Debe realizar unha avaliación inicial da severidade do caso.
- C) Para notificar o caso ao Servizo de Menores necesita ter a certeza de que os malos tratos estanse a producir.
- D) As respostas A e B son correctas.

93. José e Marta son unha parella en desemprego, con dous fillos menores en idade escolar con problemas importantes de saúde e un bebe recentemente nado. Viven en piso de aluguer. José tivo un accidente de tráfico baixo a influencia de substancias estupefacientes. Acoden á Unidade de Traballo Social do hospital onde Marta deu a luz, pois se atopa excedida pola súa situación familiar. Despois de varias entrevistas, establécense os pasos para iniciar a terapéutica necesaria, asegurar a continuidade asistencial e seguimento polos correspondentes servizos sanitarios e sociais, establecendo a derivación entre o traballador social hospitalario e os profesionais receptores. Tendo en conta o anterior, o traballador social realizou

- A) Estudio, Diagnóstico, Planificación y Derivación de caso.
- B) Análise, Proxecto e Derivación de caso.
- C) A Historia Social para activar os recursos adecuados.
- D) As respostas B e C son correctas.

94. Que recurso é o máis axeitado para un paciente con enfermidade mental que presente carencias de autonomía e que requira una atención social continuada de carácter tutelar?:

- A) Centro de día.
- B) Unidade residencial.
- C) Unidade de Hospitalización psiquiátrica.
- D) Unidade de apoio social intermedio.

95. O traballador social ou a traballadora social en Traballo Social Clínico, á hora de establecer unha ou varias hipóteses:

- A) Pode facer hipóteses descritivas.
- B) É preferible que faga hipóteses relacionais porque son máis útiles.
- C) Non pode facer hipóteses causais.
- D) Todas son correctas.

96. Ao realizar un estudo poboacional, o equipo de saúde detecta unha situación de "Endemia" . A que fai referencia este termo?

- A) Situación na que unha enfermidade preséntase cunha incidencia relativamente constante nunha comunidade.
- B) Situación na que aparece unha enfermidade rara e illada nunha zona determinada.
- C) Situación na que aparece un número inusual de enfermos nun tempo limitado e nunha área determinada.
- D) Situación de aumento da taxa de morbilidade no curso dun brote epidémico.

97. Unha muller sofre unha agresión física, existindo unha relación de parella entre vítima e agresor, pero fai máis dun ano que dita relación finalizou. Pode entenderse que existe "violencia de xénero"?

- A) Sería considerada unha agresión con violencia pero non violencia de xénero.
- B) Si, a condición de que exista unha relación directa ou indirecta entre o acto de violencia que ten lugar na actualidade e a relación de parella que existiu entre o agresor e a vítima.
- C) Non pode establecerse un límite temporal se a relación de causalidade existe e pode acreditarse.
- D) As respostas B e C son correctas.

98. O/a traballador/a social dun hospital citou a un paciente, co que xa desenvolveu outra entrevista previa, co obxectivo de abordar o tema da súa enfermidade (ELA, esclerose lateral amiotrófica), o cal evitou tratar na entrevista anterior. Que técnicas das que figuran a continuación utilizará na súa entrevista?

- A) Frases de repetición e clarificación da súa situación.
- B) Reactividade e discurso fluído do entrevistador.
- C) Respostas prematuras tranquilizadoras.
- D) Ningunha das técnicas anteriores deberían aplicarse para facilitar a verbalización do paciente.

99. Unha persoa que ten recoñecida unha dependencia en grao II, segundo se establece no PIA, pode optar ao servizo de axuda a domicilio:

- A) Non intensivo ata 25 horas ao mes.
- B) Non intensivo máximo 20 horas ao mes.
- C) Intensivo entre 20 horas ao mes e 35 horas ao mes.
- D) Intensivo entre 21 horas ao mes e 45 horas ao mes.

100. Á hora de favorecer a autodeterminación do/a usuario/a. Que debe evitar o/a traballador/a social?

- A) Apoiar á persoa para que vexa o seu problema ou necesidade coa perspectiva necesaria.
- B) Asumir a responsabilidade principal na resolución do problema.
- C) Achegar estímulos que activen os recursos propios da persoa, orientados a unha mellor e máis capacitada toma de decisións.
- D) Poñer en contacto á persoa cos recursos da comunidade máis adecuados, axudándolle a ponderar a súa utilidade.

101. Un paciente acude á unidade de traballo social do centro de saúde para informarse do Documento de Instrucións Previas. Cal sería o procedemento a seguir para formalizalo?

- A) Ante tres testemuñas maiores de idade e con plena capacidade de obrar, das cales dúas, como mínimo, non poderán ter relación de parentesco ata o segundo grao por consanguinidade ou afinidade nin estar vinculadas por relación patrimonial coa persoa outorgante.
- B) Ante dúas testemuñas maiores de idade e con plena capacidade de obrar, das cales unha non poderá ter relación de parentesco ata o segundo grao por consanguinidade o afinidade nin estar vinculada por relación patrimonial coa persoa outorgante.
- C) Soamente ante o persoal do Rexistro galego de instrucións previas ou das unidades habilitadas.
- D) Unicamente ante Notario ou o persoal do Rexistro galego de instrucións previas ou das unidades habilitadas.

102. Ante as múltiples preocupacións e dúbidas dun paciente paliativo (pensión, testamento, que vai a ser da súa familia....), a traballadora social ou o traballador social do equipo da Unidade de Coidados Paliativos deberá:

- A) Centrarse nos aspectos administrativos (coordinación para que poida acudir o notario, información sobre a pensión...).
- B) Coordinarse sempre cos servizos sociais municipais.
- C) Pactar coa persoa enferma as actuacións a levar a cabo en función dos obxectivos.
- D) Orientar e informar unicamente ó coidador principal sobre os recursos que vai a necesitar.

103. Francisco de 26 anos, leva tres consumindo drogas e valorou o abandono de consumo, non realizou ningún tipo de tratamento anteriormente e non sofre marxinalidade nin illamento social. A que subprograma poderá acollerse Francisco?

- A) Subprograma de Diminución do Dano.
- B) Subprograma de Prevención de Recaídas.
- C) Subprograma de Asistencia Domiciliaria.
- D) Subprograma de Desintoxicación

104. Recentemente naceu un neno nun hospital que mostra signos de síndrome de abstinencia. O/a traballador/a social do hospital está intervindo coa familia, pero son persoas abertamente hostís. Ante estas reaccións, que tipo de achegamento debe emprender nas súas entrevistas?.

- A) Débelles permitir verbalizar os seus sentimentos, á vez que evita mostrarse defensivo, polémico ou furioso.
- B) Debe evitar afondar no tema da síndrome de abstinencia do neno.
- C) Non debe aprazar ningunha entrevista, aínda que os pais mostren signos claros de embriaguez ou inxesta de drogas.
- D) Todas as respostas son correctas.

105. O traballador social está elaborando un cuestionario, cal das seguintes afirmacións, relativas á orde das preguntas, NON é correcta?

- A) As preguntas máis xerais deben colocarse en primeiro lugar.
- B) As preguntas sobre un aspecto ou dimensión da variable é convinte que non figuren nun mesmo apartado do cuestionario.
- C) As preguntas de opinión adoitan colocarse despois que as de feitos.
- D) Ás veces, é convinte formular varias preguntas sobre un tema ou aspecto en distintos apartados do cuestionario.

Preguntas de reserva

106. A traballadora social dun centro de saúde como nexos de unión entre o equipo de saúde e a comunidade:

- A) Favorece unha abordaxe integral da saúde.
- B) É un profesional de enlace co tecido social e cos sistemas de educación e servizos sociais.
- C) Achega o coñecemento e o fomento da rede de recursos informais e formais de apoio social orientados á mellora da poboación.
- D) Todas son correctas.

107. Durante o embarazo de María, de 34 anos de idade, detectáronse anomalías fetales incompatibles coa vida. Levará a cabo a interrupción voluntaria do embarazo, a condición de que exista un ditame emitido anteriormente, por un médico especialista, que non sexa o que practica ou dirixe a intervención?.

- A) Só se a muller está nas primeiras 14 semanas de xestación.
- B) Só se a muller está nas primeiras 22 semanas de xestación.
- C) Sempre, independentemente do tempo de xestación da muller
- D) Nunca.

108. A que escala corresponden o seguinte enunciado?.

Sinala o teu grao de acordo ou desacordo coa seguinte afirmación:

" A atención foi un éxito"

- 1. Nada de acordo
- 2. Algo en desacordo
- 3. Nin acordo nin desacordo
- 4. Algo de acordo
- 5. Completo desacordo

- A) Guttman.
- B) Lickert.
- C) Thurstone.
- D) Todas son correctas.

109. Aminata, de 29 anos, é unha inmigrante de Senegal, acolleuse ao Programa galego de protección social da saúde pública. Xa lle entregaron o seu documento acreditativo de inclusión no programa. Acode con regularidade ao seu médico de atención primaria e psiquiatra para control e renovación de receitas médicas. Que cota de achega farmacéutica terá que realizar?.

- A) Non ten cota de achega farmacéutica asignada ás persoas incluídas no Programa, e acomodarse ao establecido para os cidadáns comunitarios e de países con convenios bilaterais de asistencia sanitaria da Seguridade Social non identificados como pensionistas.
- B) A cota de achega farmacéutica asignada ás persoas incluídas no Programa acomodarse ao establecido para os cidadáns comunitarios e de países con convenios bilaterais de asistencia sanitaria da Seguridade Social non identificados como pensionistas.
- C) A cota de achega farmacéutica asignada ás persoas incluídas no Programa acomodarse ao establecido para os cidadáns inmigrantes e de países con convenios bilaterais de asistencia sanitaria da Seguridade Social non identificados como pensionistas.
- D) Ningunha resposta e correcta.

110. Aurelio, de 89 anos, pasa parte do seu tempo na cama, que só pode abandonar coa axuda doutras persoas e ten unha importante dificultade para desprazarse, non se coñece a causa e sendo previsible que esta situación dure máis de dous meses. Residen no seu domicilio con Marisa, a súa esposa de 80 anos. De que tipo de paciente se trata?.

- A) Paciente crónico.
- B) Paciente inmobilizado
- C) Paciente sociosanitario.
- D) Paciente terminal.